Visto o informe de Intervención Nº: 2025/338 do 20/03/2025.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como persoal eventual, para o posto de Responsable Director de comunicación do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego, don VITOR OTERO VÁZQUEZ, DNI: ***2044**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

As relacionadas cos medios de comunicación e a acción informativa e en especial:

- a) facilitarlle ao grupo a súa relación cos medios de comunicación social;
- b) a preparación, programación e execución da política de comunicación;
- c) as relacións cos medios de comunicación social e
- d) o tratamento documental e arquivo das informacións sobre temas municipais aparecidas nos medios de comunicación.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de don Miguel Fernández Méndez.

- a retribución que percibirá será de 43.901 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ó interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

DECRETO Nº: 2778/2025 do 21/03/2025

Excmo. Sr. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de don Miguel Fernández Méndez, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, de data 18 de marzo de 2025, de nomeamento de dona Laura Fernández Alonso, DNI: ***8819**, como persoal eventual, para o posto de Colaboradora Asesora do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 20 de marzo de 2025.

Visto o informe de Intervención Nº: 2025/338 do 20/03/2025

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como persoal eventual para o posto de Colaboradora Asesora do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego, a dona LAURA FERNÁNDEZ ALONSO, DNI: ***8819**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

As de asesoramento político ao grupo municipal e demais que se lles asignen relacionadas coas funcións estritamente de confianza e asesoramento especial deste persoal.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;

- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;

- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;

- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;

- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de don Miguel Fernández Méndez.

- a retribución que percibirá será de 35.925 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

DECRETO Nº: 2784/2025 do 21/03/2025

Excmo. Sr. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de don Miguel Fernández Méndez, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, de data 18 de marzo de 2025, de nomeamento de don Alfredo David Gómez Sanmartín, DNI: ***8102**, como persoal eventual, para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 20 de marzo de 2025.

Visto o informe de Intervención Nº: 2025/338 do 20/03/2025

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Nomear como persoal eventual para o posto de Colaborador Asesor do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego, a don ALFREDO DAVID GÓMEZ SANMARTÍN, DNI: ***8102**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

As de asesoramento político ao grupo municipal e demais que se lles asignen relacionadas coas funcións estritamente de confianza e asesoramento especial deste persoal.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de don Miguel Fernández Méndez.
- a retribución que percibirá será de 35.925 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ó interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

DECRETO Nº: 2780/2025 do 21/03/2025

Excmo. Sr. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de don Miguel Fernández Méndez, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, de data 18 de marzo de 2025, de nomeamento de don Alfonso Legaspi Veiga, con DNI: ***2865**, como persoal eventual, para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 20 de marzo de 2025.

Visto o informe de Intervención Nº: 2025/338 do 20/03/2025

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no

uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Nomear como persoal eventual para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Bloque Nacionalista Galego, a don ALFONSO LEGASPI VEIGA, con DNI: ***2865**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

- a) organizar, supervisar e colaborar na execución dos traballos que se desenvolvan no grupo municipal;
- b) efectuar traballos de transcripción de documentos;
- c) atención das comunicacións tanto telefónicas coma persoais que lle correspondan ao grupo municipal;
- d) arquivo da documentación e
- e) labores de secretaría do grupo en xeral.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;

- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;

- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;

- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;

- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de don Miguel Fernández Méndez.

- a retribución que percibirá será de 27.956 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ó interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

DECRETO Nº: 2779/2025 do 21/03/2025

Excmo. Sr. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de don Miguel Fernández Méndez, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, de data 18 de marzo de 2025, de nomeamento de dona Rosina Paula Pereira Rodríguez, DNI: ***1752**, como persoal eventual, para o posto de Responsable directora de comunicación do Grupo Municipal do Partido Popular.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 20 de marzo de 2025.

Visto o informe de Intervención Nº: 2025/338 do 20/03/2025

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Primeiro.- Nomear como persoal eventual, para o posto de Responsable Director de comunicación do Grupo Municipal do Partido Popular dona ROSINA PAULA PEREIRA RODRÍGUEZ, DNI: ***1752**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

As relacionadas cos medios de comunicación e a acción informativa e en especial:

- a) facilitarlle ao grupo a súa relación cos medios de comunicación social;

- b) a preparación, programación e execución da política de comunicación;
- c) as relacións cos medios de comunicación social e
- d) o tratamento documental e arquivo das informacións sobre temas municipais aparecidas nos medios de comunicación.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de don Miguel Fernández Méndez.
- a retribución que percibirá será de 43.901 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

DECRETO Nº: 2782/2025 do 21/03/2025

Excmo. Sr. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de don Miguel Fernández Méndez, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, de data 18 de marzo de 2025, de nomeamento de dona Zoila Marina Sánchez Gómez DNI: ***2165**, como persoal eventual, para o posto de Colaboradora Asesora do Grupo Municipal Popular.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 20 de marzo de 2025.

Visto o informe de Intervención Nº: 2025/338 do 20/03/2025

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como persoal eventual para o posto de Colaboradora Asesora do Grupo Municipal Popular, a dona ZOILA MARINA SÁNCHEZ GÓMEZ DNI: ***2165**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

As de asesoramento político ao grupo municipal e demais que se lles asignen relacionadas coas funcións estritamente de confianza e asesoramento especial deste persoal.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;

- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.
- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de don Miguel Fernández Méndez.
- a retribución que percibirá será de 35.925 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución á interesada e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente na data que se indica á marxe polo Excmo. Sr. Don MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

DECRETO Nº: 2777/2025 do 21/03/2025

Excmo. Sr. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Con data vinte e seis de xuño de dous mil vinte e tres, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 2/349 PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO DE LUGO CORPORACIÓN 2023-2027.

Vista a proposta de don Miguel Fernández Méndez, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo, de data 18 de marzo de 2025, de nomeamento de don Óscar Poy Franco, con DNI ***2876**, como persoal eventual, para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Popular.

Visto Informe do Servizo de Persoal de data 20 de marzo de 2025.

Visto o informe de Intervención Nº: 2025/338 do 20/03/2025

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear como persoal eventual para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal Popular, a don ÓSCAR POY FRANCO, con DNI ***2876**, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

- a) organizar, supervisar e colaborar na execución dos traballos que se desenvolvan no grupo municipal;
- b) efectuar traballos de transcripción de documentos;
- c) atención das comunicacións tanto telefónicas coma persoais que lle correspondan ao grupo municipal;
- d) arquivo da documentación e
- e) labores de secretaría do grupo en xeral.

Segundo.- O réxime xurídico deste persoal eventual atópase regulado no artigo 104 da Lei de bases do réxime local, en concordancia co artigo 176 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e no artigo 12 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, en especial:

- queda prohibido o exercicio de funcións que impliquen a participación directa ou indirecta das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas que lle corresponden exclusivamente ao funcionariado público;
- en ningún caso, o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou á promoción interna;
- a este persoal seralle aplicable, no que sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral do funcionariado de carreira;
- este persoal estará suxeito ao réxime de incompatibilidade do funcionariado público;
- a dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en función das necesidades existentes.

- o seu cesamento terá lugar por resolución da Alcaldía e, en todo caso, cando se produza o de don Miguel Fernández Méndez.

- a retribución que percibirá será de 27.956 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución ó interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

Lugo, 21 de marzo de 2025.- O Alcalde-Presidente, o Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

R. 0868

MONDOÑEDO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 27 de marzo de 2025 aprobou inicialmente a modificación de créditos 5/2025, de suplemento de crédito nº 2025/03 financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 263.692,22 euros.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Mondoñedo, 28 de marzo do 2025.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0869

MONTERROSO

Anuncio

Logo de ditar Resolución de Alcaldía nº 234 de 28/03/25, pola que se aproba a convocatoria pública para a elección das persoas que desempeñarán o cargo de xuíz de paz titular e substituto

A convocatoria realízase nos seguintes termos:

a) Requisitos dos aspirantes:

-Posuir nacionalidade española (artigo 1 do Regulamento 3/1995 dos xuíces de paz)

-Ser maior de idade (artigo 1 do Regulamento 3/1995 dos xuíces de paz)

-- Non estar incurso en ninguna das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica do poder xudicial (Art 1 do Regulamento 3/1995 dos xuíces de paz.)

- Non estar incurso en ninguna das incompatibilidades e prohibicións reguladas nos artigos 389 a 397 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e 14 do Regulamento 3/1995 dos xuíces de paz.

b)Modelo, lugar e prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes deberán presentarse no modelo que se lle facilitará no Concello. Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica deste Concello <https://monterroso.sedelectronica.gal/>.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Monterroso, 28 de marzo de 2025.- O Alcalde Presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 0870

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

DECRETO

Visto que rematou, con data 19 de decembro de 2024, o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso de selección convocado por este Concello para cubrir **un posto condutor maquinaria**, como persoal laboral fixo, incluído na OEP 2023 do Concello de Navia de Suarna.

Ó obxecto de dar cumprimento co estipulado nas bases reguladoras deste proceso e no exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a definitiva de admitidos e excluídos ó proceso selectivo convocado para a provisión da citada praza:

LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS:

Nº	Nome e Apelidos	DNI	Rexistro de entrada
1	MANUEL LÓPEZ LÓPEZ	***5359**	2024-E-RC-987 e 2024-E-RC-995
2	OMAR DÍAZ FERNÁNDEZ	***8395**	2024-E-RC-947 e 2024-E-RC-1017
3	JUAN MANUEL DÍAZ FERNÁNDEZ	***4548**	2024-E-RC-1018

LISTA DE PERSOAS EXCLUIDAS:

Ningunha.

SEGUNDO: Propoñer como tribunal e, en consecuencia, nomear ós seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: Don Óscar Doral García, axente de emprego e desenvolvemento local no Concello de Cervantes.

Suplente: Dona Lucía López López, administrativo contable no Concello de Pedrafita do Cebreiro.

VOGAIS:

Titular: Don Darío Boudón Ferreiro, operario de servizos múltiples no Concello de Castroverde.

Suplente: Don Luis López Arias, encargado de obras no Concello de Castroverde.

Titular: Dona María José Espín Fontal, axente de emprego e desenvolvemento local no Concello de Triacastela.

Suplente: Dona Elvira Fernández Aira, traballadora social no Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Titular: Dona Susana García Vilelo, técnico de servizo múltiples no Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Suplente: Dona Ana María Méndez Enríquez, axente de emprego e desenvolvemento local no Concello da Fonsagrada.

SECRETARIA:

Titular: Dona Trinidad Pérez Méndez, axente de emprego e desenvolvemento local no Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Suplente: Dona Cruz Rodríguez Vázquez, axente de emprego e desenvolvemento local no Concello do Páramo.

TERCEIRO: Fixar as seguintes datas, horas e lugares para a celebración das probas.

	DATA	HORA	LUGAR
CONSTITUCIÓN	08/04/2025	9:30 h	Casa Consistorial do Concello de Navia de Suarna
EXAME TIPO TEST	08/04/2025	10:30 h	Casa Consistorial do Concello de Navia de Suarna
EXAME PRÁCTICO	10/04/2025	10:00 h	Naves municipais de servizos múltiples (antigo campo da feira)

CUARTO: Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica (<https://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>).

Dado

Navia de Suarna, 31 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Fernández Fernández. A Secretaria-Interventora, Susana Mourín Sobrado.

R. 0871

AS NOGAIS

Anuncio

CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS DE PAGO ÚNICO ANUAL PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DE AS NOGAIS – ANO 2025

A presente convocatoria realízase ao amparo do establecido no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións, no artigo Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o disposto na Ordenanza reguladora de axudas para o fomento da natalidade e fixación da poboación no Concello de As Nogais, publicada de xeito definitivo no Boletín Oficial de Lugo número 051, de data do 3 de marzo do 2018.

As axudas contempladas nas bases aprobadas e publicadas teñen como finalidade contribuír ao fomento da natalidade e fixación de poboación no Concello de As Nogais.

O alcalde, por Resolución da Alcaldía do 31 de marzo de 2025 aprobou a convocatoria das citadas axudas para o ano 2025, é dicir, para os nacementos ou adopcións producidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025. En consecuencia, o prazo de solicitude permanecerá aberto durante todo o exercicio.

As bases reguladoras encóntranse integramente publicadas no portal de transparencia da sede electrónica da Corporación municipal: <https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/preview-document.4>

As Nogais, 31 de marzo de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0872

RÁBADE

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2025, adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola tramitación de documentos e expedientes administrativos do Concello de Rábade. En cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública, por un prazo de 30 días, para que os interesados o poidan examinar e presenten as reclamacións que estimen oportunas. No caso en que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 27 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0873

SOBER

Anuncio

SUMARIO

Acordo do Pleno de data 27.03.2025 do Concello de Sober polo que se aproba provisionalmente a Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos urbanos

TEXTO

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 27.03.2025 acordou a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellodesober.sedelectronica.gal>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Sober, 28 de marzo de 2025.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0874

VILALBA

Anuncio

REGULAMENTO DE USO DA PISCINA CLIMATIZADA E DAS PISCINAS EXTERIORES MUNICIPAIS DE VILALBA

ÍNDICE

Capítulo I. Disposicións xerais.

Art 1.- Obxecto.

Art 2.- Fins.

Art 3.- Datos identificativos.

Art 4.- Limitacións.

Art 5.- Cualificación xurídica dos bens destinados ao servizo público.

Art 6.- Ámbito de aplicación e vixiancia.

Art 7.- Obxectivos.

Art 8.- Normativa específica de aplicación.

Capítulo II. Disposicións específicas da piscina climatizada.

Art 9.- Horario e calendario da instalación.

Art 10.- Acceso ás instalacións.

Art 11.- Procedemento de inscrición.

Art 12.- Normas de uso da piscina climatizada municipal.

Capítulo III. Disposicións específicas das piscinas exteriores da área recreativa da Madalena.

Art 13.- Procedementos de acceso.

Art 14.- Títulos habilitantes de acceso.

Art 15.- Tempada de funcionamento.

Art 16.- Aforo.

Art 17.- Personal.

Capítulo IV. Normas disciplinarias e de seguridade

Art 18.- Dereitos

Art 19.- Obrigacións.

Art 20.- Prohibicións.

Art 21.- Recomendacións.

Art 22.- Follas de reclamacións.

Capítulo V. Réxime sancionador.

Art 23.- Infraccións.

Art 24.- Tipificación das infraccións.

Art 25.- Persoas responsables.

Art 26.- Prescripción das infraccións.

Art 27.- Sancións.

Art 28.- Gradación das sancións.

Art 29.- Prescripción das sancións.

Art 30.- Órgano competente.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

Disposición adicional primeira

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.**DISPOSICIÓN FINAIS.**

Disposición final primeira.

Disposición final segunda.

Disposición final terceira.

Capítulo I. Disposicións xerais.**Art 1.- Obxecto.**

Constitue o obxecto deste Regulamento, regular o uso e funcionamento da piscina climatizada e das piscinas exteriores de titularidade municipal ubicadas na área recreativa da Madalena, no marco das disposicións sectoriais aplicables, xa sexan xestionadas polo Concello ou por entidade autorizada en virtude do acordo adoptado polos seus órganos de goberno.

Art 2.- Fins.

Tanto a piscina climatizada como as piscinas exteriores de verán son unhas instalacións municipais xestionadas polo Concello de Vilalba. Esta xestión está exenta de ánimo de lucro, dado que o obxectivo fundamental é conseguir a súa máxima rendibilidade social, recreativa e deportiva.

Art 3.- Datos identificativos.

Nome: Piscina climatizada municipal de Vilalba

- Dirección: Estrada praia fluvial n.º 15, 27820, Vilalba (Lugo)
- Teléfono: 982 510 530
- Entidade titular: Concello de Vilalba

Nome: Piscinas exteriores municipais da área recreativa da Madalena

- Dirección: Estrada praia fluvial n.º 15, 27820, Vilalba (Lugo)
- Teléfono: 699 476 209
- Entidade titular: Concello de Vilalba

Art 4.- Limitacións.

Para os efectos da presente normativa inclúe todos aqueles edificios, dependencias ou recintos da piscina climatizada e das piscinas exteriores, incluíndo as zonas de equipamento, complementarias ou funcionalmente necesarias para o desenvolvemento da actividade que sexan titularidade do Concello de Vilalba.

Art 5.- Cualificación xurídica dos bens destinados ao servizo público.

De conformidade co establecido na normativa sobre patrimonio das entidades locais, as instalacións deportivas municipais terán a cualificación de bens de dominio público, afectos ao uso público ou a prestación do servizo público de deportes. Teñen a mesma cualificación, os bens mobles afectados de forma permanente a calquera instalación deportiva municipal, tanto aqueles destinados especificamente á práctica deportiva municipal, como aqueles destinados ao mantemento das instalacións e equipamentos.

Art 6.- Ámbito de aplicación e vixancia.

O presente regulamento será de aplicación a todo o personal que preste os seus servizos nas piscinas, aos usuarios das instalacións, así como a todas as demais persoas que teñan relación coas devanditas instalacións.

Correspóndelle ao Servizo Municipal de Deportes velar polo cumprimento do presente regulamento. O órgano competente do Concello, a proposta do Servizo Municipal de Deportes poderá ditar as normas e instrucións que sexan necesarias para desenvolver, interpretar e aplicar o presente regulamento.

Art 7.- Obxectivos.

O Concello de Vilalba segue, na xestión das instalacións, os seguintes obxectivos:

- a) Promover o acceso da cidadanía, sen ningún tipo de discriminación ou límiteación, á práctica de actividades físicas, como ocupación saudable do tempo de lecer.
- b) Achegar a actividade físico deportiva á poboación a través de diferentes programas deportivos.
- c) Promover cursos de diferentes niveis con obxecto de propiciar o ensino da natación entre a poboación.

Art 8.- Normativa específica de aplicación.**Regulamentación técnico – sanitaria das piscinas:**

- Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia.
- Real Decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.

Registro profesional de socorristas acuáticos de Galicia:

- Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 14 de maio de 2012 pola que se regula o modelo de distintivo dos socorristas acuáticos na Comunidade Autónoma de Galicia

Lexislación deportiva xeral:

- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte.

Normativa municipal:

- Ordenanza n.º 20. Taxa por utilización das instalacións da piscina municipal.
- Ordenanza fiscal n.º 71. Regulamento do prezo público destinado á actividade de piscinas exteriores.

Capítulo II. Disposicións específicas da piscina climatizada.**Art 9.- Horario e calendario da instalación.**

A tempada de funcionamento das piscina climatizada municipal é a seguinte:

- a) Meses: dende o 2 de setembro do ano en curso ao 31 de xullo do ano seguinte.
- b) Días e horarios:
 - De luns a Venres de 8.30 a 12.00 e de 16.00 a 22.30.
 - Sábados de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 20.30.
 - Domingos e Festivos de 11.00 a 13.00.

Os usuarios deberán abandonar o vaso 15 minutos antes do peche das instalacións.

Durante o mes de Agosto e Semana Santa as instalacións permanecerán pechadas ao público.

O horario e tempada de funcionamento poderá sufrir modificacións segundo as consideracións ou necesidades do servizo e corresponderá esta decisión á Alcaldía, ou a proposta do Servizo municipal de deportes. A información específica de cada tempada en canto a duración, establecerase mediante anuncio informativo de Alcaldía.

O Concello anunciará oportunamente os peches das instalacións, por motivos de limpeza, realización de labores de mantemento e renovación da auga dos vasos e outras causas sanitarias, de seguridade ou de forza maior.

En caso de tormentas, deberase abandonar os vasos das piscinas para evitar accidentes.

Art 10.- Acceso ás instalacións.

As instalacións da piscina climatizada municipal atópanse ao dispor de todos os cidadáns que pretendan realizar actividades de natación dentro das modalidades ofertadas sempre que obteñan a condición de usuario. O usuario unicamente poderá facer uso das instalacións nos días e horarios establecidos, en función da autorización recibida ou do dereito adquirido tras o abono da cota.

O uso das instalacións pódese realizar mediante os seguintes procedementos:

a) Abonos.

As instalacións utilizan un sistema de abono no que os usuarios asumen o pago dunha cota mensual ou anual e obteñen como contraprestación o uso das instalacións municipais sen ningún tipo de limitación dentro do horario de apertura establecido. Existen diferentes modalidades de abono de acordo coas características particulares de casa usuario.

- **Abonado Individual.** Usuario maior de 16 anos que utiliza as instalacións sen ningún tipo de limitación dentro do horario de apertura establecido. Realiza o pago con periodicidade mensual ou anual.
- **Abonado Matinal.** Usuario que goza das instalacións nas mesmas condicións que o Abonado Individual en horario matutino, desde a apertura ata as 12.00, de Luns a Venres en días laborables. Realiza o pago con periodicidade mensual ou anual.
- **Abonado Familiar.** Usuario que goza das instalacións nas mesmas condicións que o Abonado Individual e que pode vincular á súa condición de abonado ao seu cónxuxe e fillos/as menores de 18 anos, con cuxo titular gardan esta relación de parentesco.

b) Entradas.

Existe a posibilidade de acceder puntualmente ás instalacións mediante o pago dunha entrada.

- **Entrada adulto.** Permite o acceso ás instalacións unha única vez dentro do horario de apertura establecido a un usuario maior de 16 anos.
- **Bono de 10 Baños.** Permite 10 accesos ás instalacións. Débese utilizar o bono nos 30 días seguintes á contratación do mesmo. Despois desa data carecerá de validez.
- **Entrada Neno/Máis 65 anos.** Permite o acceso ás instalacións unha única vez, dentro do horario de apertura establecido, e a súa utilización sen ningún tipo de limitación a un usuario menor de 16 e maior de 65 anos.
- **Entrada Sauna.** Permite o acceso ás instalacións unha única vez dentro do horario de apertura establecido e realizar exclusivamente o uso da sauna a un usuario maior de 16 anos.

c) Cursos de natación.

As actividades organizadas nas instalacións como os cursos de actividades acuáticas supoñen o pago dunha cota adicional para os usuarios. Aquelas persoas que ostentan a condición de abonados gozan de descontos sobre a cota xeral. As instalacións actualmente dispoñen da seguinte oferta de cursos:

- **Cursos menores de 16 anos.** Sesión de 45 minutos de ensino de natación para alumnado maior de 12 anos e menor de 16 anos. Opción de recibir unha ou dúas sesións semanais.
- **Cursos de 16 a 65 anos.** Sesión de 45 minutos de ensino de natación para alumnado de 16 a 65 anos. Opción de recibir dúas ou tres sesións semanais. No caso dos adultos, existe a posibilidade de alternar quendas de mañá e tarde por motivos laborais.
- **Natación escolar menores 4 anos.** Sesión de 45 minutos de ensino de natación para alumnado menor de 4 anos. Cada neno/a deberá estar acompañado por un adulto maior durante o baño. Opción de recibir unha sesión semanal ou de incrementar o número de días.
- **Natación Escolar de 4 a 12 anos.** Sesión de 45 minutos de ensino de natación para alumnado de 4 a 12 anos. Opción de recibir unha sesión semanal ou de incrementar o número de días.
- **Grupos organizados.** Sesión de 45 minutos de ensino de natación para alumnos de grupos pertencentes a colectivos organizados.
- **Natación adaptada e readaptación.** Sesión de 45 minutos de ensino de natación adaptada ou rehabilitación.
- **Cursos maiores de 65 anos.** Sesión de 45 minutos de ensino de natación para alumnos de máis de 65 anos.

Considéranse as idades referidas a data 31 de decembro do ano en curso.

Para poder garantir a seguridade, ademais de impartir clases de calidade, o cociente adecuado monitor/alumnos establecido é: 1/9.

Art 11.- Procedemento de inscrición.

a) Disposicións comúns.

Poderán inscribirse nos cursos de natación e tramitar os abonos na recepción da piscina climatizada municipal de Vilalba en horario de atención ao público, establecido no artigo 9.

Todos os usuarios ao formalizar a inscrición aceptan plenamente as normas e o presente regulamento, reservándose o Concello de Vilalba o dereito para rexeitar calquera inscrición que non acepte os termos e condicións contidos no mesmo.

É aconsellable someterse a un recoñecemento médico previo, antes de iniciar a práctica físico - deportiva, sobre todo, aqueles usuarios que permanecesen inactivos deportivamente durante algún tempo ou que presenten patoloxías que poidan afectar á práctica físico - deportiva.

- **Documentación a achegar.**

- Fotocopia do DNI. No caso de ser Abono Familiar, fotocopia dos DNI de todos os beneficiarios do abono e/ou libro de familia. En caso de ser parella de feito, é imprescindible presentar o certificado de convivencia, ou equivalente, expedido polo Concello
- Fotocopia do número de Conta Bancario, onde aparezan os nomes dos titulares da conta. Presentarase tamén a copia do DNI do titular, en caso de non corresponder coa persoa que se vai a inscribir.

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 (GDPR) e co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte dun ficheiro do que será responsable do tratamento o Concello de Vilalba e encargado do tratamento o contratista adxudicatario da prestación do servizo, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión dos abonados, entradas e alumnado dos diferentes cursos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer dirixíndose a Concello de Vilalba, Praza da Constitución nº 1, 27800, VILALBA (LUGO). Email: info@vilalba.es. Se considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente, poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control en www.agpd.es.

- **Forma de pago.**

A matrícula e o abono do primeiro mes pagarase en efectivo ou mediante ingreso na conta bancaria indicada no momento de formalizar a inscrición. A taxa devindicarase e farase efectiva no momento de solicitar a utilización das instalacións da piscina, non podendo utilizalas sen presentar os xustificantes de pago.

Os demais pagos faranse por domiciliación bancaria de acordo cos datos facilitados na folia de inscrición. Os recibos domiciliados pasarase de forma anticipada, a partir do día 25 do mes anterior ao mes do servizo que se vai a contratar. Os pagos en efectivo realizaranse entre o día 25 ao 30 do mes anterior ao comezo do servizo.

Poderán eximirse do pago das taxas aqueles casos nos que se dean circunstancias familiares, sociais ou socioeconómicas desfavorables, e sexa aprobado pola Xunta de Gobierno Local, tras o informe motivado.

b) Disposicións específicas cursos de natación:

O período de inscrición aos cursos de natación estará aberto durante 2 semanas en setembro, e no caso de existir vacantes abriranse novos períodos de 2 semanas de inscrición trimestralmente.

Ao inicio de cada tempada, publicarase a oferta das prazas para cada un dos cursos. O criterio para obter praza nos cursos será:

- Primeiro: antigüidade
- Segundo: sorteo

A tempada dos cursos de natación comezará o primeiro día lectivo do mes de outubro do ano en curso.

A matrícula, de carácter irrecuperable, terá validez desde o día na que realice a inscrición ata o día en que o usuario cause baixa, perdéndose os dereitos da cota.

A inscrición nos cursos de natación é trimestral e a cobranza da taxa correspondente mensual.

Para darse de baixa nos cursos de natación, será necesario comunicalo por escrito, a través dos formularios dispoñibles para o devandito trámite, na recepción da piscina climatizada en horario de atención ao público, entre os días 1 e 10 do último mes do trimestre. En caso contrario cobrarase a cota correspondente. Os que domicilien a cota terán garantida unha praza nos distintos trimestres. Así mesmo, ao formalizar a inscrición no 1º trimestre do curso escolar, resérvase praza nos seguintes trimestres do devandito curso.

c) Disposicións específicas abonos:

O pago de calquera abono terá validez para o mes en curso. É dicir, acabará o servizo contratado o último día do mes que se pagou.

Os abonados que non estean ao corrente do pago das súas cotas, non poderán acceder á instalación.

Os abonados terán dereito a unha bonificación no importe da taxa de matrícula cando o alta como abonado formalícese no primeiro mes da tempada (setembro) ou cando se domicilie o pago do recibo mensual como abonado. Os abonados terán dereito a unha bonificación do 50% do importe dos cursos de natación, fóra da natación escolar.

A condición de abonado perderase cando se incumpra o deber de pago nos primeiros dez días do mes. Cando un recibo sexa devolto pola entidade bancaria, pagarase en efectivo na conta bancaria indicada. A devolución de recibos bancarios pode estar suxeita a recarga, sempre que se demostre a responsabilidade do usuario. O Concello de Vilalba resérvase o dereito de anular a condición de abonado cando as súas cotas sexan devoltas pola súa entidade bancaria en 3 ou máis ocasións nun período de 12 meses.

Para darse de baixa no abono será necesario comunicalo por escrito, a través dos formularios dispoñibles para o devandito trámite, na recepción da piscina climatizada en horario de atención ao público, antes do día 20 do mes anterior ao que se produce a baixa.

Os abonados dados de baixa que no futuro queiran reincorporarse á instalación deberán realizar novamente os trámites de alta e deberán de estar ao corrente do pago das cotas pendentes de pago.

Art 12.- Normas de uso da piscina climatizada municipal.**Normas xerais.**

- Todo usuario estará obrigado a velar polo bo estado de conservación das instalacións e servizos, e por tanto, impedirá ou denunciará todos os actos que deterioreen as instalacións ou servizos e advertirá aos empregados cando observe anomalías nas instalacións ou no material destas.
- Está prohibido o acceso a toda persoa que padeza calquera enfermidade infecto contaxiosa que poida poñer en risco a saúde dos demais usuarios. Os usuarios ou titores, en caso de menores de idade, garantirán que non padecen ningún tipo de enfermidade infecciosa ou contaxiosa. En caso de ter sospeitas fundadas de que así fóra, esa persoa ou persoas quedarán excluídas para facer uso da instalación.
- Non poderán acceder aquelas persoas que cheguen cando o aforo estea no seu límite.
- Prohíbese acceder á instalación con animais ou obxectos que poidan causar dano ou molestias aos usuarios.
- Está prohibido o acceso á instalación en estado de embriaguez.
- Prohíbese comer, beber e fumar en todo o recinto, así como utilizar envases de cristal.
- Prohíbese abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación, tendo que utilizar as papeleiras e outros recipientes destinados para tal efecto.
- O uso das instalacións débese facer con roupa e calzado adecuado.
- Débense respectar os espazos reservados aos diferentes usos da instalación.
- O alumnado dos cursos accederá á instalación como máximo 15 minutos antes do inicio do curso, e permanecerá sen introducirse na auga ata a chegada do monitor. A saída da instalación farase como máximo 15 minutos despois da finalización da clase.
- Todo accidente que se produza na instalación será comunicado antes de abandonar esta. A empresa concesionaria dispón dun seguro que cobre a R.C derivada da súa actividade.
- A natación escolar virá sempre acompañada dun responsable do centro educativo por grupo que velará polo cumprimento das normas.
- Está prohibido capturar fotos e gravar imaxes, para garantir a intimidade dos usuarios destas instalacións, a través de equipos de fotografía, cámaras de vídeo, teléfonos móbiles e calquera outro dispositivo, salvo autorización expresa do responsable da instalación.

Normas de uso do vaso e praia da piscina climatizada.

- A capacidade máxima do vaso de natación é de 104 usuarios.
- É obrigatorio o uso de traxe de baño e gorro de baño.
- Non se permite o nudismo.

- É obrigatorio o uso de zapatillas de baño en aseos, vestiarios, duchas e nas praias de piscinas.
- Antes do baño é obrigatorio ducharse.
- Ningún usuario poderá bañarse se ten feridas abertas ou se ten infección de pel.
- Prohíbese a realización de xogos e prácticas perigosas (correr, apneas prolongadas, mergullarse violentamente, tirar obxectos, etc...) e en xeral todos aqueles actos que dificulten, obstaculicen ou impidan o desenvolvemento das actividades que leven a cabo.
- Prohíbense saltos na piscina, ou mergullo ao ancho e sentarse nas corcheras.
- O uso de aletas, pas, máscaras de mergullo ou calquera outro material de adestramento debe ser posto en coñecemento do persoal da piscina a través do socorrista.
- Se é necesario algún elemento para a aprendizaxe de natación ou adestramento libre, pódese solicitar ao socorrista. Devolverase posteriormente en bo estado de uso e colorearase nos compartimentos habilitados para tal efecto.
- Débense observar puntualmente as instrucións do socorrista da piscina. Un comportamento inadecuado supoñerá a expulsión do recinto do infractor.
- É obrigatorio nadar circulando sempre pola dereita da rúa que se estea usando.
- A utilización das rúas de baño libre estará sempre condicionada polo nivel de nado dos usuarios, e en momentos puntuais dispoñeráse de rúas de nado rápido, nado lento, nado de recreo e outros usos. O socorrista será a persoa encargada de indicar e distribuír os usuarios por unha ou outra rúa.
- Por motivos de seguridade os menores de 10 anos deberán acceder á piscina acompañados por un responsable de maior de idade.
- Os menores de 24 meses deberán usar cueiros especiais para auga.
- A saída do vaso farase 15 minutos antes do peche da instalación.
- Os usuarios deberán abandonar o vaso e non se autorizará o baño no mesmo cando se produza unha tormenta.

Normas de uso da sauna.

- Prohibido o uso a menores de 16 anos.
- Tempo máximo da utilización son 20 minutos.
- Obrigatorio ducharse con auga quente e xabón, secarse antes de entrar.
- Obrigatorio usar toalla para tombarse ou sentarse nos bancos.
- Está contraindicado, entre outras doenzas ou situacións clínicas, para persoas con: enfermidades cardiovasculares, enfermidades de tensión arterial, enfermidades inflamatorias agudas internas ou embarazadas.
- A saída da sauna farase 15 minutos antes do peche da instalación.

Normas de uso dos vestiarios.

- Non permitirá o acceso dos vestiarios a persoas que non vaian facer uso deles, fóra dos acompañantes dos cursillistas menores de 7 anos que non sexan capaces de cambiarse con autonomía. Estes usuarios utilizarán o vestiario que lle corresponda indistintamente do sexo do cursillista.
- Os pais/nais titores do alumnado menor de idade deberán esperar fóra dos vestiarios e nas zonas destinados a tal fin.
- O vestiario ten por finalidade a ducha e o cambio de roupa en ningún caso o aseo persoal.
- Para a comodidade de todos os usuarios e para tratar de promover valores ambientais, o tempo de utilización das duchas será o estritamente necesario.
- Está prohibido afeitarse, depilarse e tinguirse.
- Está prohibido lavar as chanclas no lavabo, cuspir en calquera zona do vestiario, escorrer o bañador no chan e deixalo encima do banco.
- Está prohibido o uso de botellas de cristal nas duchas.
- É obrigatorio o uso de papeleiras para tirar calquera clase de envase.

- É recomendable o uso dos armarios. Por motivos de seguridade e comodidade para o resto dos usuarios non permite que os utensilios persoais queden fora dos armarios. Todos os usuarios que utilicen os armarios deben deixalos baleiros ao terminar a actividade, estando prohibido deixar calquera obxecto nos mesmos. Os armarios que permanezan pechados ao final da xornada serán abertos e baleirados polo persoal da instalación.
- Os obxectos esquecidos nos vestiarios ou en calquera outro lugar da instalación permanecerá en recepción na zona de obxectos perdidos, durante un prazo máximo de 15 días. Se nese prazo non se reclamou polo seu propietario a dirección entregará á policía local. A empresa concesionaria do servizo non se responsabiliza dos obxectos subtraídos, extraviados ou cambiados dentro da instalación.
- O persoal da instalación levará a cabo tarefas de limpeza nos vestiarios ao longo do día. Para iso indicárase o peche temporal (durante uns minutos) dos mesmos.

Capítulo III. Disposicións específicas das piscinas exteriores da área recreativa da Madalena.

Art 13.- Procedementos de acceso.

As piscinas exteriores municipais atópanse ao dispor de todos os cidadáns que pretendan realizar actividades acuáticas, ou de lecer e recreación.

As piscinas poderán ser utilizadas polos cidadáns ben a título individual, como usuarios de práctica libre, ben como compoñentes de grupos organizados ou convenios. Tanto nun como noutro caso, o uso estará suxeito ás seguintes condicións:

- a) Abono do prezo público correspondente en cada caso.
- b) Estar en posesión da entrada diaria ou do bono correspondente.
- c) Os usuarios de grupos organizados ou convenios deberán aterse ás condicións reflectidas nas respectivas convocatorias ou acordos.
- d) É aconsellable someterse a un recoñecemento médico previo, antes de iniciar as prácticas, sobre todo, aqueles usuarios que permanecesen inactivos deportivamente durante algún tempo.
- e) Excepto aquelas actividades nas que se comunique previamente a contratación dun seguro, o resto non terá outra cobertura de posibles continxencias que a de responsabilidade civil que o Concello ten asegurada para os edificios da súa propiedade, sen prexuízo dos seguros preceptivos que o contratista adxudicatario teña que suscribir.

De forma individual poderá limitarse o acceso e o uso das instalacións naqueles casos nos que se contraveña o establecido por norma legal ou contra aspectos contidos neste Regulamento.

O acceso ás piscinas municipais pode realizarse mediante os seguintes procedementos:

a) Adquisición de entradas de día. Para uso durante o día de adquisición. Expediranse no momento de acceder á instalación e serán válidas exclusivamente para ese día permitindo o acceso ao recinto tantas veces como sexa necesario durante toda a xornada, sempre que o aforo o permita. Deberá gardarse para poder abandonar e volver a entrar ao recinto e presentarse aos empregados da instalación sempre que estes o soliciten.

b) Adquisición de bonos. Para o número de usos recollidos na ordenanza fiscal n.º 71 reguladora do prezo público das piscinas exteriores. Considérase usuario de bono piscina a toda persoa ou persoas que fagan uso das piscinas mediante a adquisición dun documento (bono) que habilita para o número de baños que se estableza. A validez de cada un dos usos a que dá dereito o bono-baño será a mesma que a establecida para o caso das entradas individuais, permitindo o acceso ao recinto tantas veces como sexa necesario durante toda a xornada, sempre que o aforo o permita. É válido tanto a nivel individual (impersoal) como para grupos. Os bonos de baño non utilizados na súa totalidade na tempada anterior serán admitidos e permitirán o acceso ás piscinas durante os 15 primeiros días de apertura da tempada seguinte.

c) Autorización Municipal. En horario de mañá (de 12:00 a 14:00) e sempre que exista dispoñibilidade, para solicitudes de entidades sen ánimo de lucro correctamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na que a utilización das piscinas municipais, sexan unha actividade complementaria a outro programa, evento, curso, etc., ou ben sexa unha finalidade en si mesma. O órgano instructor desta autorización será o Servizo Municipal de Deportes.

Os menores de 12 anos (por ano de nacemento) accederán acompañados por persoas que se responsabilizarán deles durante todo o tempo que permanezan no interior do recinto.

Art 14.- Títulos habilitantes de acceso.

- Para o acceso polos procedementos a) e b) do artigo anterior deberán obterse as entradas e bonos correspondentes nos despachos de billetes das instalacións. Os bonos dan permiso ao uso por parte do titular do bono e acompañantes que cumplan os requisitos de idade do mesmo nos períodos de apertura ao público.

- Para o acceso polo procedemento c) do artigo anterior, a persoa, persoas ou colectivos deberán presentar a súa correspondente autorización emitida polo Servizo de Deportes do Concello de Vilalba.

Art 15.- Tempada de funcionamento.

A tempada de funcionamento das piscinas exteriores municipais é a seguinte:

- a) Meses: do 15 de xuño ao 1 de setembro.
- b) Días: Todos os días da semana (luns a domingo).
- c) Horario: De 12:00 a 20:00 horas.

O horario e tempada de funcionamento poderá sufrir modificacións segundo as consideracións ou necesidades do servizo e corresponderá esta decisión á Alcaldía. A información específica de cada tempada en canto a duración, establecerase mediante anuncio informativo de Alcaldía.

O Concello anunciará oportunamente os peches das instalacións, por motivos de limpeza, realización de labores de mantemento e renovación da auga dos vasos e outras causas sanitarias, de seguridade ou de forza maior.

En caso de tormentas, deberase abandonar os vasos das piscinas para evitar accidentes.

O uso dos vasos das piscinas poderán restrinxirse ou mesmo prohibirse para ser empregados por actividades de grupo organizadas ou autorizadas polo Servizo municipal de Deportes. Se nalgún dos vasos vese restrinxido o seu uso debido a actividades programadas, deberán respectarse os espazos destinados ás mesmas

A suspensión total do baño, unha vez aberta ao público a instalación, exceptuando os peches motivados por causas climatolóxicas ou de forza maior, dará dereito á validación dos accesos realizados mediante entrada ou bono para un novo acceso en data posterior, cun período máximo de 1 mes. Esta validación efectuarase o mesmo día da suspensión de baño a través do despacho de billetes. En ningún caso reembolsarase a cantidade devengada.

Art 16.- Aforo.

O aforo máximo, entendido este como a capacidade máxima de usuarios que pode albergar simultaneamente o recinto calcularase conforme ao establecido na normativa de aplicación.

En ningún caso deberá permitirse a utilización simultánea das piscinas por un número de bañistas superior ao aforo máximo de cada vaso.

- Piscina infantil, 131,8 m²
- Piscina natación, 218, 4 m²: 109 bañistas de xeito simultáneo
- Piscina recreativa, 80,9 m²: 40 bañistas de xeito simultáneo
- Número máximo de bañistas de xeito simultáneo: **150** excluída piscina infantil
- Aforo máximo no recinto: **225**

Art 17.- Personal.

As piscinas contarán co número de socorristas fixado en función da suma total de metros cadrados de lámina de auga de todos os seus vasos.

En tanto as piscinas permanezan abertas ao público, deberá haber unha persoa responsable das mesmas. Terá ao seu cargo o bo funcionamento das instalacións e servizos, a observancia das disposicións legais de aplicación e as normas de organización do servizo.

O persoal a que refírese este artigo poderá adoptar medidas para restablecer a orde e funcionamento do servizo, sen prexuízo da proposición da instrución dos expedientes sancionadores que correspondan. En particular, poderán proceder a negar o acceso ou expulsar da instalación ás persoas cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade dos usuarios e, en todo caso, aos que incorran nalgunha das seguintes condutas:

- a) A comisión de calquera das infraccións administrativas contempladas neste Regulamento valorarase no mesmo acto a situación concorrente, tendo en conta circunstancias como a gravidade da falta, a omisión ás advertencias de cesamento na infracción, o prexuízo manifesto a outros usuarios, a reincidencia coñecida ou outras de similar índole.
- b) A non posesión do título habilitante de acceso ás instalacións.
- c) A realización de actos contrarios á convivencia social, hixiene ou outras condutas antisociais.

Capítulo IV. Normas disciplinarias e de seguridade.

Todos os cidadáns teñen dereito a acceder á piscina climatizada, as piscinas exteriores e ao resto das instalacións en condicións de igualdade, coas limitacións e requisitos establecidos neste regulamento e a normativa aplicable ás piscinas de uso público, sen prexuízo do dereito da entidade xestora para restrinxir ou suspender, para períodos puntuais, o acceso de condición de abonado ou á mesma instalación cando as condicións de salubridade, hixiene ou superación da capacidade real da instalación fágao necesario para manter a calidade da prestación do servizo. O persoal da instalación, que estará identificado, será o responsable de facer cumprir a todos os usuarios as normas de uso desta e poderá se é o caso, expulsar do recinto a quen incumpra o contido deste regulamento.

Co fin de conseguir un bo funcionamento das piscinas, posibilitando en todo momento o desenvolvemento regular das diferentes modalidades de baño, establécense as seguintes normas, que perseguen fundamentalmente o fomento de hábitos hixiénicos, o coidado e mantemento das instalacións e a prevención de riscos de todo tipo.

Art 18.- Dereitos.

Son dereitos dos usuarios:

- a) Ter acceso á información a que refírese o artigo 18 do Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia
- b) Dispoñer das instalacións en boas condicións de uso e accesibles a persoas con discapacidade.
- c) Coñecer a identidade do persoal baixo cuxa responsabilidade se presta o servizo e ser atendidos con respecto e cortesía por parte do persoal que o presta.
- d) Recibir o servizo por persoal con cualificación adecuada.
- e) Formular calquera suxerencia, reclamación ou queixa e recibir resposta.
- f) Utilizar as instalacións nas condicións que garantan a protección da súa saúde e seguridade, conforme á normativa reguladora.

Art 19.- Obrigacións.

Son obrigacións dos usuarios:

- a) Estar en posesión do título habilitante de acceso ás instalacións e acreditarlo a requirimento do persoal da instalación.
- b) Facer adecuado uso das instalacións, coa indumentaria adecuada e respectando a normativa específica de aplicación.
- c) Respetar o material e os equipamentos das instalacións e demais dependencias.
- d) Respetar os horarios e o funcionamento do servizo.
- e) Atender as indicacións do persoal das instalacións.
- f) Manter sempre unha actitude correcta e de respecto cara aos demais usuarios e persoal das instalacións.
- g) Cumprir o establecido na normativa vixente e, en especial, o relativo ao consumo de tabaco, alcol e drogas
- h) Cumprir e respectar as normas xerais contidas neste Regulamento e as instrucións específicas que se diten para o efecto.
- i) Usar calzado específico de baño nas praias de piscina, nas duchas e nas zonas húmedas (o que diminuíra a posibilidade de caídas e terá maior protección fronte a posibles xérmenes.)
- j) Antes e despois do baño é obrigatorio ducharse.
- k) Responsabilizarse dos menores de idade ao seu cargo.
- l) Os menores de 7 anos que non sexan capaces de vestirse ou desvestirse con autonomía á hora de utilizar os vestiarios prevalecerá o sexo do acompañante e non do menor
- m) Non contaminar a auga con prácticas antihixiénicas.
- n) Respetar o baño e a estancia dos demais usuarios.
- o) Abandonar os vasos das piscinas sempre que o socorrista o determine.

Art 20.- Prohibicións.

En todas as instalacións:

- a) Impedir ou obstruír o normal funcionamento das instalacións.

- b) Utilizar as instalacións ou calquera dos seus elementos para un uso distinto daquel para o que están concibidos.
- c) Realizar calquera tipo de actos que poidan ocasionar lesións ao persoal das instalacións e a outros usuarios.
- d) Realizar calquera tipo de actos que poidan ocasionar danos ás instalacións ou a calquera dos seus elementos.
- e) Impedir o uso da instalación ou de calquera dos seus elementos a outros usuarios.
- f) Acceder con animais ás instalacións, excepto nos casos previstos legalmente (cans guía).
- g) Realizar xogos e prácticas perigosas.
- h) Utilizar reprodutores de música sen auriculares.
- i) Lanzar substancias e residuos ou calquera tipo de desperdicio fóra dos recipientes destinados a tal fin.
- j) Introducir obxectos na auga.
- k) Introducir ou exhibir pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen poida ser considerado como un acto que incite ou fomenta os comportamentos violentos, xenófobos, racistas, ou como un acto de manifesto desprezo aos usuarios.
- l) Introducir armas, bengalas, petardos explosivos ou calquera produto inflamable, fumígeno, corrosivo ou nocivo en todo o recinto.
- m) Acender lume.
- n) Realizar reportaxes fotográficas ou de vídeo, sen autorización expresa.
- o) Bañarse en caso de padecer ou sospeitar que padece enfermidade infectocontagiosa, especialmente cutánea.
- p) Afeitarse ou depilarse nos vestiarios

Especificamente nas piscinas exteriores da área recreativa da Madalena:

- q) Acceder ou permanecer con calzado e roupa de rúa nas zonas de praia.
- r) Introducirse na auga con roupa de rúa.
- s) Introducir nos vasos elementos que supoñan risco ou perigo para os usuarios, tales como lentes graduados ou de sol, aletas, flotadores, balóns, etc. fóra de lentes de natación, así como manguitos, chalecos e elementos de flotación para menores que non saben nadar. Neste último caso, non se consideran elementos de seguridade, polo que os menores con elementos de axuda á flotación só se usarán baixo vixilancia directa dun adulto responsable.
- t) Zambullirse de cabeza en zonas pouco profundas ou de xeito violento ou acrobático en calquera vaso (hacia atrás, dando volteretas no aire, etc.)
- u) Acceder ás instalacións con recipientes ou envases de vidro, ou calquera outro material que poidan dañar aos usuarios ou ás instalacións.
- v) Comer fóra das zonas habilitadas para o efecto (zona de céspede).

Art 21.- Recomendacións.

Para o adecuado uso das piscinas establécense as seguintes recomendacións xerais:

- a. Respecta as horas de dixestión despois de comer antes do baño.
- b. Os usuarios deben informarse acerca das diferentes profundidades dos vasos de piscina antes de facer uso da mesma co fin de evitar accidentes.
- c. En beneficio de todos deben extremarse as medidas de seguridade e hixiene.
- d. Ducharse unha vez finalizado o baño: evite que a pel se reseque. A auga das piscinas desinféctase con produtos que conteñen cloro.
- e. O tempo de utilización das duchas será o estrictamente necesario.

Especificamente nas piscinas exteriores da área recreativa da Madalena:

- f) Nas zonas verdes é recomendable o uso de toallas, posto que debido ao contacto co céspede en determinadas persoas poden aparecer procesos alérxicos.
- g) Beber abundante auga e tomar o sol con moderación, para evitar a deshidratación e insolación. É recomendable utilizar gorra e camiseta especialmente para os nenos pequenos.

- h) Estar atentos á utilización das piscinas polos menores de 12 anos.
- i) Recoméndase levar o pelo recollido no caso dos usuarios con pelo longo.
- j) Os adultos e adolescentes non deben utilizar os vasos de batuxo, excepto aqueles que suxeiten a nenos que non se vallan por se mesmos, que poderán facer o uso imprescindible do vaso para ese fin.
- k) Recoméndase o uso de escarpíns durante o baño.

Art 22.- Follas de reclamacións.

Nas instalacións existirán ao dispor do público follas de reclamacións conforme determina a lexislación sectorial de aplicación.

Capítulo V. Réxime sancionador.

Art 23.- Infraccións.

Son infraccións administrativas as accións ou omisións que vulneren o establecido neste Regulamento.

As infraccións administrativas deben ser obxecto de sanción previa tramitación do correspondente procedemento sancionador.

Os responsables presentes nas instalacións poderán adoptar medidas para restablecer a orde e funcionamento do servizo, sen prexuízo da proposición da instrución dos expedientes sancionadores que procedan. Poderán negar o acceso ou expulsar da instalación aos usuarios, cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade dos usuarios.

Art 24.- Tipificación das Infraccións.

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves as seguintes:

- a) Acceso ás instalacións sen título habilitante de acceso.
- b) Bañarse padecendo enfermidade infectocontagiosa.
- c) Impedir ou obstruír o normal funcionamento das instalacións.
- d) Realizar calquera tipo de actos que poidan ocasionar lesións e supoñan risco para a saúde do persoal das instalacións e do resto dos usuarios.
- e) Realizar calquera tipo de actos que poidan ocasionar danos ás instalacións ou a calquera dos seus elementos.
- f) Contaminar a auga con prácticas antihiixiénicas.
- g) Introducir armas, bengalas, petardos explosivos ou calquera produto inflamable, fumígeno ou corrosivo.
- h) A reiteración de faltas graves.

Constitúen infraccións graves as seguintes:

- a) Falta de respecto hacia os traballadores e demais usuarios
- b) Non respetar os materiais e os equipamentos das instalacións e demais dependencias.
- c) Acceder ás instalacións con recipientes ou envases de vidro, ou calquera outro material que poidan dañar aos usuarios ou ás instalacións.
- d) Realizar xogos e prácticas perigosas.
- e) Introducir ou exhibir pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen poida ser considerado como un acto que incite ou fomenta os comportamentos violentos, xenófobos, racistas, ou como un acto de manifesto desprezo aos usuarios.
- f) Acender lume.
- g) A reiteración de faltas leves.

Constitúen infraccións leves as accións ou omisións que vulneren o establecido neste Regulamento que non poidan ser cualificadas como moi graves ou graves.

Art 25.- Persoas responsables.

Só poderán ser sancionadas por feitos constitutivos de infracción administrativa as persoas que resulten responsables dos mesmos aínda a título de simple inobservancia.

As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada polo mesmo ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e prexuízos causados que poderán ser determinados polo órgano competente,

debendo, neste caso, comunicarse ao infractor para a súa satisfacción no prazo que para o efecto se determine, e quedando, de non facerse así, expedita a vía xudicial correspondente.

Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de dezoito anos, responderán solidariamente con el os seus pais, titores, acoledores e guardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento da obrigaón imposta a estes que conleva un deber de previr a infracción administrativa que se impute aos menores.

No caso de entidades que contén con autorización de uso das instalacións para desenvolver as súas actividades deportivas, terán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos, a reincidencia na comisión de infraccións poderá dar lugar á rescisión temporal ou total da autorización de uso das devanditas entidades.

Art 26.- Prescrición das infraccións.

As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en quea infracción se houbese cometido.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

Art 27.- Sancións.

As infraccións administrativas deben sancionarse:

- a) As infraccións moi graves, coa prohibición de acceso ás instalacións por un período dende 1 ata 2 anos e multa de 501 € a 2.000 €.
- b) As infraccións graves, coa prohibición de acceso ás instalacións dende 1 semana ata 1 ano e multa de 101 a 500 €.
- c) As infraccións leves, coa prohibición de acceso ás instalacións durante 1 semana e multa de ata 100 €.

Art 28.- Gradación das sancións.

Na imposición de sancións deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, considerándose especialmente os seguintes criterios para a gradación da sanción para aplicar:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A natureza dos prexuízos causados.
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

Art 29.- Prescrición das sancións.

As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Art 30.- Órgano competente.

A imposición de sancións por infraccións administrativas corresponde ao órgano municipal competente segundo o disposto na lexislación vixente en materia de réxime local.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

Disposición adicional primeira.

O funcionamento das piscinas de titularidade municipal se se xestionase indirectamente rexeríase polas condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas correspondentes e, supletoriamente, polas disposicións contidas neste Regulamento.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste Regulamento, especialmente a Ordenanza n.º 52 Regulamento de réxime interno da piscina climatizada e parque acuático municipal de Vilalba.

DISPOSICIÓN FINAIS.**Disposición final primeira.**

No non previsto neste Regulamento estarase ao disposto no Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia e no Real Decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.

Disposición final segunda.

A interpretación das normas deste Regulamento será levada a cabo pola Alcaldía, oída a Concellería e o Servizo Municipal competente en materia de deportes, que poderán ditar as instrucións necesarias para a súa aplicación.

Disposición final terceira.

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P. de Lugo.

Vilalba, 31 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 0875

XOVE**Anuncio**

Por Decretos de Alcaldía nº 2025-0759 e 2025-0758 de data 25 de marzo de 2025, aprobáronse inicialmente os Padróns do Precio Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Libre Concorrenza e Dependencia, respectivamente, correspondentes ao mes de Febreiro de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 27 de marzo de 2025 ata 26 de maio de 2025; o ingreso efectuarase mediante domiciliación bancaria tal e como se establece no artigo 7 do vixente Acordo Regulador.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 27 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0876